

---

## **Acordos sobre criterios de validación tomados pola Comisión de Relacións Exteriores (Subcomisións dos Graos en Tradución e Interpretación, Linguas Estranxeiras, Filoloxía Aplicada Galega e Española, e Ciencias de Linguaxe) (modificados o 25 de abril 2023)**

### Consideracións xerais

Coa finalidade de asesorar o estudiantado que marcha a universidades estranxeiras e que, antes de facelo, debe facer unha escolla de materias para cursar na universidade de destino, é importante que o profesorado titor teña en conta as seguintes consideracións:

- Dado que un dos obxectivos dos intercambios é que a/o estudante, ao seu regreso á FFT, obteña o recoñecemento dos estudos cursados na universidade de destino, convén que o/a titor/a encargado/a do intercambio teña un bo coñecemento da oferta formativa que o/a estudante atopará na universidade de destino. O/a titor/a deberá ter, na medida do posible, coñecemento actualizado das materias nas que o estudiantado propio poderá matricularse e, de igual maneira, convén que coñeza como poñer en contacto o estudiantado propio coas persoas encargadas da súa titorización na universidade de destino.
- Dado que serán as subcomisións de relacións exteriores da FFT as encargadas de informar os recoñecementos de estudos, os/as titores/as encargados/as de asesorar o estudiantado propio na súa escolla de materias deberán ter en conta os criterios xerais polos que se guiarán tales subcomisións. Así, salvo casos que requiran algún tipo de puntualización, os criterios xerais que as comisións aplicarán serán os que figuran nas seguintes páxinas.
- Os/as titores/as encargados/as de asesorar o estudiantado propio na súa escolla de materias deberán informar con claridade de que, no caso de que os contidos das materias cursadas no estranxeiro non inclúan algúns dos aspectos básicos e fundamentais para o desenvolvemento de materias de cursos posteriores, o estudiantado deberá adquirir e/ou recuperar tales coñecementos e habilidades póla súa conta.
- O estudiantado deberá ser informado de que o número máximo de ECTS que se poderá recoñecer por un ano académico é de 60. O número máximo de ECTS que se poderá recoñecer por un cuadrimestre é de 30. En casos excepcionais, poderá recoñecerse un crédito máis dos cursados fóra da Uvigo por semestre/cuadrimestre.

## Consideracións sobre o recoñecemento de estudos a estudiantado de grao

### GRAO EN TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN

#### a) 2º curso do Grao en Tradución e Interpretación Curso completo (60 ECTS)

O estudiantado deberá cursar nas universidades de destino un mínimo de 12 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se correspondan co seu “Idioma I” na FFT e un mínimo de 12 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se correspondan co seu “Idioma II” na FFT.

O resto dos créditos necesarios o estudiantado terá que cursalos en materias con contidos similares ós das materias que debería seguir na FFT se non participase no programa de intercambio. É importante que cursen créditos de tradución con contidos similares sobre todo para validar as materias Tradución Idioma. 1.I e Tradución Idioma 2.1.

#### 1º cuatrimestre (30 ECTS)

O estudiantado deberá cursar nas universidades de destino un mínimo de 6 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se correspondan co seu “Idioma I” na FFT e un mínimo de 6 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se correspondan co seu “Idioma II” na FFT.

O resto dos créditos necesarios o estudiantado terá que cursalos en materias con contidos similares ós contidos das materias que debería seguir na FFT se non participase no programa de intercambio. É importante que cursen créditos de tradución con contidos similares sobre todo para validar as materias Tradución Idioma. 1.I e Tradución Idioma 2.1.

#### b) 3º curso do Grao en Tradución e Interpretación

Materia da UVIGO	Contidos que o estudiantado deberá cursar na universidade de destino
Tradución entre Lingua A 1 e Lingua A2	Esta materia non se pode engadir no contrato de intercambio.
Tradución Idioma I (2)	Igual contido e igual combinación lingüística, excepto no caso de que a lingua meta sexa o galego, xa que nese

	caso se admitirá que o estudantado traballe co español como lingua meta. Aceptarase tamén unha materia de tradución da Lingua A ao Idioma I
Tradución Idioma II (2)	Igual contido e igual combinación Lingüística. Aceptarase tamén unha materia de tradución do Idioma 2 a calquera outro idioma
Interpretación de Enlace Idioma I	Igual contido e igual combinación lingüística, excepto no caso de que a lingua meta sexa o galego, xa que nese caso se admitirá que o alumno traballe co español como lingua meta
Ferramentas para a Tradución e a Interpretación III: Terminoloxía	Materias que teñan contidos de terminoloxía
Interpretación Simultánea Idioma I	Igual contido e igual combinación lingüística, excepto no caso de que a lingua meta sexa o galego, xa que nese caso se admitirá que o alumno traballe co español como lingua meta. Aceptarase tamén unha materia de Interpretación da Lingua A ao Idioma 1
Tradución Idioma I (3)	Igual contido e igual combinación lingüística. A lingua meta ten que ser inglés ou francés xa que é tradución inversa
Tradución Idioma II (3)	Igual contido e igual combinación lingüística, excepto no caso de que a lingua meta sexa o galego, xa que nese caso se admitirá que o alumno traballe co español como lingua meta
Interpretación Consecutiva Idioma 1	Igual contido e igual combinación lingüística, excepto no caso de que a lingua meta sexa o galego, xa que nese caso se admitirá que o alumno traballe co español como lingua meta. Aceptarase tamén unha materia de Interpretación da Lingua A ao Idioma 1
Introdución aos Ámbitos de Especialización para a Tradución e a Interpretación e Aspectos Profesionais da Tradución	Igual contido

## c) 4º curso do Grao en Tradución e Interpretación

Materia da UVIGO	Contidos que o estudantado deberá cursar na universidade de destino
Tradución xurídica-administrativa	Igual contido e polo menos unha das linguas da súa combinación lingüística
Tradución económica	Igual contido e polo menos unha das linguas da súa combinación lingüística
Ferramentas V: Revisión e edición	Contidos semellantes
Informática avanzada	Contidos semellantes
Traballo de fin de grao	O TFG non pode estar nun contrato de intercambio
Prácticas en empresas	Poderán validarse por prácticas en empresas cun mínimo de 60 horas xustificadas pola empresa e seguindo o que a FFT estableceza para as prácticas realizadas en España (memoria, proposta de cualificación, etc.)
Relacións internacionais	Relacións internacionais
Outras optativas	Igual contido e polo menos unha das linguas da súa combinación lingüística

## GRAO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

### a) 2º curso do Grao en Linguas Estranxeiras Curso completo (60 ECTS)

O estudantado deberá cursar nas universidades de destino un mínimo de 12 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se corresponda co seu “1º idioma” na FFT (inglés) e un mínimo de 12 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se corresponda co seu “2º idioma” na FFT.

O resto dos créditos necesarios o estudantado terá que cursalos en materias con contidos similares ós das materias que debería seguir na FFT se non participase no programa de intercambio.

### 1º cuadrimestre (30 ECTS)

O estudantado deberá cursar nas universidades de destino un mínimo de 6 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se corresponda co seu “1º idioma” na FFT (inglés)

e un mínimo de 6 créditos ECTS en materias da lingua instrumental que se corresponda co seu “2º idioma” na FFT.

O resto dos créditos necesarios o estudiantado terá que cursalos en materias con contidos similares ós das materias que debería seguir na FFT se non participase no programa de intercambio.

## b) 3º curso do Grao en Linguas Estranxeiras CURSO 2022-2023

Materia da UVIGO	Contidos que o estudiantado deberá cursar na universidade de destino
Adquisición e aprendizaxe do 1º idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS]	Os/as estudantes deberán superar nas súas universidades de destino:  9 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 1º idioma estranxeiro (inglés).  9 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 3º idioma estranxeiro ou de outro idioma diferente do que toma na Uvigo. Neste caso, recoméndaselle ao alumno que curse un total de 15 ECTS para poder validar a materia de 3º curso e a de 4º curso. De cursar unicamente 9 ECTS, o alumno deberá adquirir ou recuperar pola súa conta os contidos que corresponda para poder seguir as clases de 4º de Grao ao seu regreso.  6 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 2º idioma estranxeiro.  18 ECTS en materias do ámbito lingüístico (referidas ao seu 1º idioma estranxeiro: inglés).  18 ECTS en materias do ámbito literario (referidas ao seu 1º idioma estranxeiro: inglés).
Ámbitos literarios I (primeiro idioma estranxeiro: inglés) [6 ECTS]	
1º idioma estranxeiro VII: inglés [9 ECTS]	
3º idioma estranxeiro I: francés [9 ECTS]	
3º idioma estranxeiro I: alemán [9 ECTS]	
3º idioma estranxeiro I: portugués [9 ECTS]	
Ámbitos literarios II (primeiro idioma estranxeiro: inglés) [6 ECTS]	
Ámbitos literarios III (primeiro idioma estranxeiro: inglés) [6 ECTS]	
Historia do primeiro idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS]	
2º idioma estranxeiro V: francés [6 ECTS]	
2º idioma estranxeiro V: alemán [6 ECTS]	
Significado e discurso no 1º idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS]	

	Os contidos das materias de destino deberán ser similares ós das materias da Uvigo, sobre todo no caso de Historia do primeiro idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS] e Significado e discurso no 1º idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS]
--	---

### c) 3º curso do Grao en Linguas Estranxeiras CURSO 2023-2024

Materia da UVIGO	Contidos que o estudiantado deberá cursar na universidade de destino
Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro inglés [9 ECTS]	Os/as estudantes deberán superar nas súas universidades de destino:  9 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 1º idioma estranxeiro (inglés).  9 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 3º idioma estranxeiro ou de outro idioma diferente do que toma na Uvigo. Neste caso, recoméndaselle ao alumno que curse un total de 15 ECTS para poder validar a materia de 3º curso e a de 4º curso. De cursar unicamente 9 ECTS, o alumno deberá adquirir ou recuperar pola súa conta os contidos que corresponda para poder seguir as clases de 4º de Grao ao seu regreso.  6 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 2º idioma estranxeiro.  15 ECTS en materias do ámbito lingüístico (referidas ao seu 1º idioma estranxeiro: inglés).  21 ECTS en materias do ámbito literario (referidas ao seu 1º idioma estranxeiro: inglés).
Ámbitos literarios I (primeiro idioma estranxeiro: inglés) [6 ECTS]	
1º idioma estranxeiro VII: inglés [9 ECTS]	
3º idioma estranxeiro I: francés [9 ECTS]	
3º idioma estranxeiro I: alemán [9 ECTS]	
3º idioma estranxeiro I: portugués [9 ECTS]	
Ámbitos literarios II (primeiro idioma estranxeiro: inglés) [6 ECTS]	
Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro inglés [9 ECTS]	
Historia do primeiro idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS]	
2º idioma estranxeiro V: francés [6 ECTS]	
2ª idioma estranxeiro V: alemán [6 ECTS]	

Os contidos das materias de destino deberán ser sempre similares aos da Uvigo nas materias do ámbito literario, e moi especialmente no caso de Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro inglés [9 créditos] e Historia do primeiro idioma estranxeiro: inglés [6 ECTS] no ámbito lingüístico.

#### **d) 4º curso do Grao en Linguas Estranxeiras**

O estudantado deberá cursar o seguinte:

- 6 ECTS en materias de lingua instrumental do seu 3º idioma.
- 6 ECTS en materias de literatura e/ou cultura do seu 2º idioma.
- 6 ECTS de lingüística do inglés, para validar a materia Lingua para fins específicos (inglés).
- 36 ECTS en materias con contidos similares que deberán ter un carácter lingüístico e/ou literario, respectando a distribución de créditos lingüísticos e/ou literarios que teña na Uvigo.
- O Traballo Fin de Grao non pode formar parte dos contratos de intercambio.

#### **GRAO EN FILOXÍA APLICADA GALEGA E ESPAÑOLA**

##### **a) 2º curso do Grao en FAGE Curso completo (60 ECTS)**

O estudantado deberá cursar un mínimo de 12 ECTS en materias de lingua (non necesariamente española ou galega, e preferentemente na lingua do país de destino) e outros tantos de literatura (non necesariamente española ou galega, e preferentemente da literatura do país de destino); o resto dos créditos (ata 60 ECTS) deberá cursalos en materias con contidos similares, contando co informe favorable do/a titor/a. Para poder validar Idioma B Portugués IV, o estudantado debe cursar un número de créditos equivalentes en materias de lingua portuguesa ata o nivel B1.

##### **1.º cuadrimestre (30 ECTS)**

O estudantado deberá cursar un mínimo de 6 ECTS en materias de lingua (non necesariamente española ou galega, e preferentemente na lingua do país de destino) e

outros tantos de literatura (non necesariamente española ou galega, e preferentemente da literatura do país de destino); o resto dos créditos (ata 30 ECTS) deberá cursalos en materias con contidos similares, contando co informe favorable do/a titor/a. Para poder validar Idioma B: Portugués IV, o estudantado debe cursar un número de créditos equivalentes en materias de lingua portuguesa ata o nivel B1.

## b) Terceiro curso do Grao en FAGE

<b>Mención en galego: materias optativas obrigatorias de mención</b>	<b>ECTS</b>
El gallego y su variación sociodialectal	6
Gallego: Los sonidos de la lengua	6
Literatura gallega medieval: Cantigas y prosa	6
El resurgir de la literatura gallega	6
<i>Irmandades, Nós</i> y vanguardias en la literatura gallega	6
La construcción del relato de la modernidad: La narrativa gallega	9
Gallego: Relaciones sintácticas y construcción del texto	9

O estudantado deberá cursar materias cos mesmos contidos. Poderán cursarse sobre o portugués, se non houberse materias equivalentes de lingua galega.

<b>Mención en español: materias optativas obligatorias de mención</b>	<b>ECTS</b>
Fonética y fonología del español y las tecnologías del habla	6
Oralidad, textos y contextos en la España Medieval	6
Tradición clásica y modernidad creadora I	6
Gramática del español: De la oración al discurso	6
Gramática del español: De la palabra al significado	6
Lexicografía, semántica y ontologías del español	6
Tradición clásica y modernidad creadora II	6
El canon literario	6



O estudantado deberá cursar materias cos mesmos contidos e sempre tendo como base o español.

<b>Materias optativas</b>	<b>ECTS</b>
Humanidades digitais y literatura en lengua española	6
Humanidades digitais y crítica literaria	6
Literatura gallega en novos formatos	6
Gallego estándar: Aplicacións profesionais en el mundo digital	6
Introducción a la lengua latina	6
Seminario de lingüística aplicada: Desafíos actuales en el estudio del lenguaje y las lenguas	6
Asesoría lingüística y textos multimodales en español	6
Lengua de signos española I	6
Lengua de signos española II	6

No caso de materias optativas o estudantado deberá cursar en destino materias con contidos similares.

## GRAO EN CIENCIAS DA LINGUAXE E ESTUDOS LITERARIOS

### a) 3.º curso do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios CURSO 22-23

#### 1. Módulos xerais

Nos módulos xerais, aqueles que non implican a exclusividade dunha lingua ou literatura, terán que cursar igual número de créditos ECTS en materias con contidos o máis semellantes posible aos que debería cursar na Uvigo.

Estes módulos son: Tecnoloxías da linguaxe, Ensino de linguas, Estudos culturais e Escrita creativa.

#### 2. Módulos de linguas e literaturas

Igual número de créditos ECTS en materias con contidos semellantes aos que debería cursar na Uvigo.

##### 2.1. Módulo de Lingua española

No caso de Lexicografía do español e de Fonética e Fonoloxía da lingua española (Uvigo), admitirase que os/as estudantes cursen materias de lexicografía, fonética e fonoloxía xeral ou románica nas universidades de destino. Para as materias de Historia e historiografía da lingua española e Variedades do español, admitirase que os/as estudantes cursen materias relacionadas coa lingüística románica histórica.

## *2.2. Módulo de Lingua galega*

Para validar Morfoloxía da lingua galega, Fonética e fonoloxía da lingua galega, Sintaxe da lingua galega I, Lexicoloxía e fraseoloxía da lingua galega (UVigo), admitirase que os/as estudantes cursen materias de morfoloxía, fonética e fonoloxía, sintaxe e lexicoloxía xeral ou de Lingua Portuguesa nas universidades de destino, sempre e cando coincidan os perfís.

## *2.3. Módulo de Literatura española*

Admitirase que os/as estudantes cursen materias de literaturas de outras linguas con contidos semellantes, atendendo, fundamentalmente, á época.

## *2.4. Módulo de Literatura galega*

Admitirase que os/as estudantes cursen materias de literaturas de outras linguas con contidos semellantes, atendendo, fundamentalmente, á época.

## *2.5. Módulo de Estudos lusófonos*

Os/as estudantes deben cursar materias de Lingua portuguesa dun nivel semellante ao da Uvigo ou materias que aseguren acadar o nivel de portugués esixido neste curso e, en canto as materias de Estudos lusófonos I e II, poden cursar outras materias con contidos do ámbito lusófono.

## 3. Optativas

Igual número de créditos ECTS aos que debería cursar na Uvigo.

### **b) 4.º curso do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios Curso completo (60 ECTS)**

Para o 4.º curso, séguense as mesmas directrices que para o 3º variando unicamente as materias dos módulos de linguas e literaturas.

#### 1. Módulos xerais

Nos módulos xerais, aqueles que non implican a exclusividade dunha lingua ou literatura, terán que cursar igual número de créditos ECTS en materias con contidos o máis semellantes posible aos que debería cursar na Uvigo.

Estes módulos son: Tecnoloxías da linguaxe, Ensino de linguas, Estudos culturais e Escrita creativa.

## 2. Módulos de linguas e literaturas

Igual número de créditos ECTS en materias con contidos iguais aos que debería cursar na Uvigo.

### 2.1. *Módulo de Lingua española*

No caso da Pragmática e discurso, Semántica e léxico e Gramática do español (Uvigo), admitirase que os/as estudantes cursen materias de pragmática, semántica e gramática xeral ou doutras linguas románicas nas universidades de destino.

### 2.2. *Módulo de Lingua galega*

Para validar Sintaxe da lingua galega II (UVigo) admitirase que os/as estudantes cursen materias de sintaxe xeral ou de Lingua Portuguesa nas universidades de destino, sempre e cando os perfís sexan semellantes; para as materias, Historia interna da lingua galega e Variación e historia externa da lingua galega, admitirase que os/as estudantes cursen materias relacionadas coa lingüística románica histórica.

### 2.3. *Módulo de Literatura española*

Admitirase que os/as estudantes cursen materias de literaturas de outras linguas con contidos semellantes, atendéndose, fundamentalmente, á época.

### 2.4. *Módulo de Literatura galega*

Admitirase que os/as estudantes cursen materias de literaturas de outras linguas con contidos semellantes, atendéndose, fundamentalmente, á época.

### 2.5. *Módulo de Estudos lusófonos*

Para validar Estudos lusófonos III, Estudos lusófonos IV e Seminario de literaturas e culturas lusófonas o estudantado terá que cursar materias nun número de créditos equivalentes con contidos do ámbito lusófono.

## 3. Optativas

Igual número de créditos ECTS aos que debería cursar na Uvigo.

## Nota xeral

As materias dos intercambios SICUE e COU validaránse por materias cos mesmos contidos en todos os graos.

O estudiantado non pode cursar en programas de intercambio máis da metade dos créditos do grado da Uvigo.

En caso de que os contidos das materias cursadas no estranxeiro non inclúan algúns dos aspectos que sexan fundamentais para o desenvolvemento de futuras materias, suponse que o estudiantado adquire ou recupera estes coñecementos e habilidades pola súa conta. Sobre este aspecto, o estudiantado será informado polos/as coordinadores/as e titores/as dos graos correspondentes.

Os/as titores/as deberán asesorar os/as estudantes na elaboración dos seus contratos de estudos ou acordos académicos (os cales deberán ser entregados polos/as estudantes no Decanato antes de incorporarse ás universidades de destino). En caso de atoparen dificultades para facer unha escolla axeitada de materias, titor/a e alumno/a deberán poñelo en coñecemento do Vicedecanato de Relacións Internacionais para que este poida facer as consultas necesarias coa Subcomisión que corresponda.

No momento no que se incorporen ás universidades de destino, sería moi aconsellable que o estudiantado leve os seus contratos de estudos asinados. É de gran importancia, polo tanto, que a escolla das materias e a presentación do contrato no vicedecanato se faga con antelación suficiente, cumprindo os prazos que, de habelos, sexan mencionados na normativa correspondente.

